

BIBLIOTECA ESCOLAR

Conmemoracións do calendario escolar:

- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.

Temporalización: 1ª quincena de marzo

Recollida de traballos: Os traballos serán recollidos polos membros do equipo de biblioteca entre o venres 14 e o luns 17 pola mañá.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

E.I.	O alumnado de Educación Infantil traballará a figura de mulleres representativas nas súas vidas: bisavóas, avóas, nais, madriñas, irmás, tías, mestras, veciñas... Nos seus traballos utilizarán a prensa como recurso e material plástico e creativo.
1º ciclo de E.P.	O alumnado de primeiro ciclo partirá do uso da prensa para facer un deseño tipo colaxe que represente a unha muller importante ou significativa nas súas vidas. Cada deseño irá acompañado dun titular que lle gustaría que protagonizase.
2º e 3º ciclo de E.P.	Elaborar un xornal 8M, onde as mulleres sexan as protagonistas. • Seleccionar artigos de prensa onde se destaque a figura dunha muller. • Seleccionar artigos de prensa, que nos poidan parecer interesantes, e cambiar partes do seu contido para convertelos en artigos 8M. • Elaborar o noso propio artigo, podéndonos servir de referencias bibliografías de mulleres importantes ao longo da historia, converténdolas en noticias actuais.